




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Arteixo. Parroquia: Santiago de Arteixo, ocupa case toda a unidade; San Xíán de Barrañán, só unha estreita franxa na parte máis oriental. Extensión: 1,62 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

É unha unidade formada por un estreito val de orientación preferencial NO - SE debido, seguramente, a unha liña de debilidade tectónica. A Cabreira e Monte Barbeito son dúas elevacións costeiras que limitan a unidade e permiten só un val angosto. O Monte Barbeito (239 m) achega ladeiras con pendentes superiores, frecuentemente entre o 30% e 50%, mentres que A Cabreira, de só 133 m, presenta vertentes menos empinadas. A cabeceira do val, a pouco máis de 1 km cerra a unidade polo interior. A fronte é areenta, aínda que posúe un pequeno sector acantilado central e outros máis potentes nos seus laterais, especialmente os que derivan do Monte Barbeito.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade modelada en ortoneis herciniano. Na esquina sueste aparece a Serie de Ordes, cos seus materiais metamórficos de idade precámbrico-silúrica.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade incluída principalmente no dominio Cálido e Subhúmido con valores anuais medios de temperatura por enriba dos 14° C e entre 1000 mm e 1200 mm de precipitación. A amplitude térmica anual non supera os 13,5° C. No extremo SO localízase o punto máis elevado da unidade, o alto de Barbeito (239 m), que dada a súa cota de altura e a súa exposición recibe unha maior pluviosidade rexistrando entre 1200 mm e 1400 mm anuais.

#### OS SOLOS

Só aparecen solos moi incipientes, en concreto regosoles, sobre materiais graníticos.


#### AS AUGAS

Cunca de orixe tectónica delimitada polos montes de Angra e A Cabreira, na que a rede fluvial é pouco significativa. As valgadas verten sobre a masa de Augas Costeiras da costa de Arteixo (20129).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Os sectores inferiores das vertentes costeiras e os seus montes encaixantes están incluídos no LIC Costa da Morte. Sector mixto que desenvolve o hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos e, en menor medida, o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, nos coídos, e o 8330 de furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas. Na vertente litoral dos extremos da unidade desenvólvese unha matogueira que se equipara coas breixeiras secas 4030 e 4040. No interior da unidade aparece algún rodal de frondosas caducifolias de recolonización de bosque de ribeira (91E0).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A continuidade que existía orixinalmente nos usos do solo, cunha superficie continua de terreos agrícolas nas partes baixas do val, desapareceu. Se ben aínda existen numerosas parcelas con funcións agrícolas nesta zona, agora o fan con pequenas masas boscosas e fenómenos residenciais entre elas. Tamén atopamos certas superficies forestais cubertas por árbore de repoboación nas partes intermedias das vertentes do val. Na vertente costeira das ladeiras dos montes que delimitan o ámbito (Monte de Angra e A Cabreira) abandónase xa calquera explotación e déixase a terra cuberta de vexetación costeira de matogueira. Recentemente, por mor da explotación da Praia de Valcovo como recurso turístico, apareceron novos usos do solo próximo a ela, como grandes áreas para o aparcamento de vehículos ou zonas de lecer e repouso.

#### MORFOLOXÍA

O núcleo que tradicionalmente organizaba este territorio era A Pedreira, asentamento situado na ladeira sur do Monte da Cabreira a uns 90 metros sobre o nivel do mar (marcando aquela cota onde se deixa de traballar a terra do val e empeza a explotación forestal do monte). Poboación de forte compoñente lineal, non experimentou crecementsos relevantes, xa que na actualidade a maioría das novas edificacións se constrúen no fondo do val, ocupando terreos anteriormente agrícolas e xa en desuso. Este feito é especialmente intenso na zona máis próxima á costa, onde se concentran numerosas residencias unifamiliares illadas formando un tecido moi pouco denso e esponxado, ao abeiro das actividades turísticas e de espaxamento que leva aparelada a Praia de Valcovo.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

De acordo coa lóxica de ocupación tradicional, as principais vías que antes percorrían esta unidade facíano seguindo a dirección lonxitudinal do val, evitando as partes máis baixas (por seren máis fértiles), percorrendo a media ladeira as dúas vertentes do val cara á costa (pola vertente norte) e rodeando o Monte de Angra (pola vertente sur) para continuar cara á zona de Barrañán. Esta segunda, a C-0514, é hoxe unha importante vía de comunicación a nivel territorial que asume o tránsito entre Arteixo e a costa de Barrañán. A día de hoxe, a rede densificouse especialmente arredor da Praia de Valcovo, con novas vías, ampliación das existentes e creación de grandes bolsas de aparcamento. É notable tamén o paseo litoral que percorre toda a unidade e que une, con pavimento diferenciado para peóns e bicicletas, as Praias de Ripibelo, da Salsa, da Ucha, da Vaca, Valcovo, Combonzas e Barrañán.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade non se identificaron elementos de interese patrimonial.

## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade singularízase pola súa característica forma orográfica, un val relativamente encaixado de bastante profundidade que desemboca nun areal encadrado por fronteas acantiladas. Ao longo do fondo do val, onde antes se distribuían parcelas de cultivo, produciuse un fenómeno de urbanización impulsado polos novos usos turísticos que se lle asignan á Praia de Valcovo. A modificación desta zona máis próxima ao litoral, mediante a creación de novas infraestruturas de accesibilidade e residenciais, xerou unha artificialización alta na zona, mentres que o resto do ámbito se conserva relativamente pouco alterado. As masas arbóreas, os retallos da antes predominante actividade agrícola e as grandes superficies de terreo cubertas por matogueira propia da costa xeran unha paisaxe enmarcada polos fitos próximos da Cabreira e Monte de Angra e, no seu fondo perspectivo, polo Monte Agudo.

## DINÁMICA DA PAISAXE

As dinámicas tradicionais desta paisaxe caracterízanse, ao igual que en moitos outros territorios, por unha paulatina redución da superficie cultivada. Este solo que agora queda baleiro pasa a dedicarse a labores forestais ou, noutras ocasións, déixase sen uso e acaba sendo colonizado pola vexetación costeira propia de matogueira. En zonas determinadas (como as que están próximas ás praias), este abandono do labor agrario é aproveitado para sustentar o crecemento residencial e doutras actividades construtivas, xeralmente relacionadas co turismo. Estes crecementos levan aparelados unha densificación da rede viaria, novas construcións de apoio á accesibilidade.

## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A fronte litoral, constituída polas Praias de Valcovo e da Ucha e a Punta do Petón entre elas, constitúe un dos maiores valores paisaxísticos deste ámbito. De feito, están incluídos no Lugar de Interese Comunitario (LIC) Costa da Morte da Rede Natura 2000, que abrangue tamén as ladeiras do Monte de Angra e da Cabreira. A pesar da maior antropización que atopamos na parte litoral, o val de Valcovo xera unhas interesantes conexións transversais entre a costa e o interior, podendo chegar a considerarse un corredor natural entre as terras de Arteixo e a costa atlántica. Os dous montes marcan fortemente os límites desta unidade paisaxística na que as conexións visuais ao longo do val son moito máis fortes que aquelas que se xeran dende o litoral coas unidades limítrofes. Dende a cima do alto da Cabreira poden obterse visuais de toda a unidade e do perfil costeiro cara ao norte da Costa de Caión, mentres que dende Punta do Petón se outea en detalle as formacións máis características do ecotón litoral nesta unidade, as praias e os cantís que as separan e enmarcan.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCÍONS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos residenciais presentes, cofecidos como Urbanización de Valcovo, con vivendas unifamiliares desvinculadas das funcións urbanas e rurais, e incluíndo as superficies de aparcadoiro existentes. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, mellorar a integración da superficie de aparcadoiro, minimizar a presión sobre a praia e mellorar deste modo a calidade escénica e ambiental deste lugar.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



